

BASES REGULADORAS + CONCILIA VERÁN 2026

PROGRAMA +CONCILIA BARREIROS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de selección para a participación no Programa +Concilia Barreiros Verán, favorecendo a conciliación familiar na época de períodos non lectivos que abranguen os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Artigo 2. Persoas destinatarias.

As actividades están dirixidas a crianzas nadas do 01/01/2010 ao 31/12/2022.

Artigo 3. Datras de celebración e localización das actividades.

+Concilia Verán desenvolverase nos días laborais dos seguintes períodos:

- +Concilia Xuño: do 23 o 30 de xuño.
- Campamentos de verán: do 1 de xullo do 2026 ata o 31 de agosto do 2026, en quendas de 15 días naturais:

Quenda 1: Do 1 ao 15 de xullo do 2026.

Quenda 2: Do 16 ao 31 de xullo do 2026.

Quenda 3: Do 3 ao 14 de agosto do 2026.

Quenda 4: Do 17 ao 31 de agosto do 2026.

- +Concilia Setembro: do 1 o 4 de setembro.

As actividades serán no CEIP San Cosme de Barreiros, aínda que de forma puntual e atendendo ao requirimento das actividades programadas poderase facer uso doutros espazos ou instalacións próximas no termo municipal (comunicándoo ás familias coa suficiente antelación e coa ubicación exacta).

Artigo 4. Horario.

O horario será de 9:30h. a 13:30 h., de luns a venres de días laborais dos períodos sinalados anteriormente.

Para aquelas familias que por motivo exclusivo de conciliación precisen traer ás súas crianzas antes do comezo do campamento, amplíase o horario de entrada de 9:00 a 9:30, neste tempo as crianzas serán custodiadas e vixiadas pero non terán actividades programadas.

Artigo 5. Prazas ofertadas.

Ofértase un total de **70 prazas** por cada un dos **períodos ou quendas**.

No suposto de quedar prazas libres tralos chamamentos das listas de agarda, quedará aberta a inscrición dende a finalización dos trámites que se recollen nestas bases, outorgándose as prazas segundo a orde de inscrición (por entrada en rexistro).

Para tramitar estas novas inscricións, finalizado o prazo establecido de trámites e as listas de agarda, deberase consultar previamente no concello a disposición de prazas libres na quenda ou período de preferencia.

No caso dunha crianza con **diversidade funcional empadroada no Concello de Barreiros** (acreditada co recoñecemento de discapacidade) e co fin de garantir unha atención de calidade e respectar os ratios de seguridade e pedagogía, as prazas ocuparanse do seguinte xeito segundo o grao de discapacidade recoñecido: as crianzas cun grao de **discapacidade superior ao 33%** computarán como **dúas (2) prazas** das ofertadas na actividade e as crianzas con un grao de **discapacidade superior ao 66%** computarán como **tres (3) prazas** das ofertadas na actividade.

Neste caso de crianzas con diversidade funcional empadroadas no Concello de Barreiros, a organización do campamento dispón de monitores/as de tempo libre, pero non conta con persoal de coidado especializado ou asistencia sanitaria individualizada.

- No caso de que a crianza precise, segundo acreditación oficial, a presenza dunha figura de **coidado individualizado**, a actividade non pode asumir a contratación de dito perfil.
- A unidade familiar poderá, pola súa conta e responsabilidade, aportar esta figura de apoio. Para tal fin, establecerase un **protocolo de funcionamento e coordinación** asinado entre o Concello e dita figura/familia.
- Este persoal externo centrará a súa intervención **exclusivamente na crianza que acredita a necesidade**, respectando en todo momento a dinámica xeral do grupo e as indicacións da dirección e monitorado do campamento.

Artigo 6. Baixas e renuncias á praza adxudicada.

No caso de desexar formalizar a baixa dunha crianza, comunicarase no rexistro do Concello de Barreiros por escrito. So se procederá á devolución da taxa, tras solicitude, se a baixa se formaliza previo ao inicio do período ou quenda que corresponda. Unha vez iniciada a actividade non se procederá á devolución da taxa por baixa dunha crianza, asista ou non as actividades.

Para aqueles casos nos que **algunha das crianzas admitidas nalgún dos períodos ou quendas non asista ás actividades durante máis de dous días seguidos e a familia non comunique a súa ausencia ao teléfono de coordinación de actividades do +Concilia**, o concello comunicarlle telefonicamente a **baixa de oficio** do programa, **pasando automaticamente o final da lista de agarda nos restantes períodos ou quendas nos que estivese inscrita de +Concilia Verán (xuño, xullo, agosto e setembro)**, e cubrindo dita praza coas persoas da lista de agarda. Neste caso non se procedera á devolución das

taxas abonadas de ningunha das actividades nas que causa baixa de oficio.

No caso de detectarse incumplimento das normas de funcionamento e convivencia conlevará a baixa de oficio das actividades +Concilia Verán, coa correspondente non devolución de taxas da actividades nas causa cese, por tratarse dunha baixa de oficio. De considerarse unha situación grave contra as normas de convivencia e/ou funcionamento, suporá a non participación no resto de actividades +Concilia 2026.

Artigo 7. Taxa.

Esta actividade está conleva o pago dunha taxa.

A asistencia aos períodos dos meses de xuño e setembro será de:

- 5 euros por período para crianzas censadas no Concello de Barreiros.
- 20 euros por período para crianzas non censadas no Concello de Barreiros.

A asistencia nas quendas dos meses de xullo e agosto será de:

- 10 euros por quenda para crianzas censadas no Concello de Barreiros.
- 40 euros por quenda para crianzas non censadas no Concello de Barreiros.

Pode ser considerada a exención de taxa para aqueles casos de crianzas empadroadas no Concello de Barreiros que así se valoren dende os Servizos Sociais do Concello en situación de vulnerabilidade. No caso de que a persoa solicitante considere que pola súa escaseza de recursos ou dificultades económicas ten que acollerse á exención de taxa, deberá solicitar cita previa con Servizos Sociais para que valoren a situación de vulnerabilidade da unidade familiar.

No caso de ser chamada unha crianza da lista de agarda ou incorporarse por existencia de prazas libres (tras consulta coa persoa técnica responsable), deberase aboar a taxa completa da actividade, aínda que estea iniciada a mesma.

Artigo 8. Perfil e criterios de selección das persoas destinatarias.

8.1-. Para a selección dos participantes terase en conta o nivel de renda familiar, as cargas familiares das persoas solicitantes, as mulleres solicitantes vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións, as familias monoparentais e monomarentais, a situación laboral dos proxenitores que se atopen a cargo da crianza e o empadramento do/da participante.

Se nalgún dos períodos ou quendas hai máis solicitudes que prazas dispoñibles, establecerase o seguinte baremo para a selección das persoas destinatarias:

- Empadramento no Concello de Barreiros, a data anterior ao 01 de xaneiro do 2026: **30 puntos**
- Algún dos proxenitores da crianza non censada que traballa nunha empresa con sede fiscal no Concello de Barreiros ou crianza non censada que asiste a un CEIP da localidade (CEIP San Cosme de Barreiros ou CEIP San Miguel de Reinante): **10 puntos**
- Traballan os dous/dúas proxenitores/ras ou titores/as legais: **10 puntos.**
- Familias monomarentais e monoparentais: **5 puntos**
- Nai ou titora legal solicitante vítima de violencia de xénero: **5 puntos**
- Traballa un/unha só/soa dos/das proxenitores/ras ou titores legais: **5 puntos.**
- Nivel de renda, atendendo aos seguintes rangos. Máximo 5 puntos.

- Renda anual neta per cápita igual ou inferior a 7.000. 5 puntos
 - Renda anual neta per cápita 7.000,01 a 8.000 €. 4 puntos
 - Renda anual neta per cápita 8.000,01 a 9.000 €. 3 puntos
 - Renda anual neta per cápita superior a 9.000€. 2 puntos
- Familias con título de familia numerosa: **1 punto**

No caso de existir separación, divorcio e/ou convenio regulador deben acreditarse todas as situacións económicas e laborais de ambos proxenitores/as, no caso de non contar con ambas situacións económicas non se puntuará esta circunstancia. Cada proxenitor/a poderá presentar, se o precisa, un anexo I independente cos seus datos económicos.

No caso de que ningún dos proxenitores/as ou titores legais estea obrigado a presentar a Declaración da Renda, considerarase que a súa renda per cápita é igual ou inferior a 7.000 €, polo que correspondería á puntuación de 5 puntos.

Nos casos de empates, estes resolveranse por orde de rexistro de entrada da solicitude.

8.2.- Para os efectos de baremación, a renda familiar anual neta per cápita obterase da agregación das rendas do ano 2024, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas así:

- Primeiro: sumarase a base impositible xeral coa base impositible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.
- Segundo: deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.
- Terceiro: o importe obtido dividirase entre o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Este cálculo efectuarase coa seguinte fórmula: casilla 435 + casilla 460 – casilla 595. O total desta operación, será dividido polo número de membros da unidade familiar.

Artigo 9. Presentación de documentación.

As persoas interesadas deberán achegar a solicitude de admisión, que será a declaración responsable sobre a documentación e situacións familiares tidas en conta no baremo (Anexo I). Non se admitirá ningunha solicitude presentada nun modelo diferente ao oficial facilitado pola entidade organizadora (Concello de Barreiros).

A información que non estea cuberta na propia solicitude non se terá en conta para o baremo, valorándose ese aspecto con 0 puntos. Non admitindo entrega nin enmenda fóra de prazo (incluído o prazo de alegacións) de datos a cubrir na declaración xurada da solicitude (Anexo I) que afecte á baremación.

O Concello de Barreiros poderá requirir aleatoriamente a documentación acreditativa manifestada na declaración responsable coa finalidade de comprobar os datos, así mesmo poderá facer as comprobacións oportunas no caso de presentar alegacións e/ou reclamacións por parte doutra ou outras unidades familiares.

No caso de detectarse algunha falsidade na declaración presentada, a crianza quedará automaticamente excluída das actividades +Concilia Verán (todos os períodos ou quendas solicitadas) organizadas polo Concello de Barreiros.

Toda solicitude presentada fóra de prazo ou noutro lugar dos indicados nas presentes bases, será excluída da reserva da praza.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de crianzas admitidas e no prazo de dous días (15 e 16 de xuño), as persoas solicitantes de +Concilia Verán deberán realizar o pago correspondente da taxa que conlevan as actividades nas que se formaliza inscrición e cubrir o Anexo II. No caso de non presentar dita documentación, enténdese que renuncia á praza asignada.

Deberá facerse unha transferencia por cada crianza, indicando o nome da mesma e o pago da actividade +Concilia Verán especificando os períodos ou quendas que se pagan (Xuño, Quenda 1, Quenda 2, Quenda 3, Quenda 4 e/ou setembro). Entidade bancaria: ABANCA

Nº Conta para o ingreso: ES55 2080 0142 9031 1000 0019

Artigo 10. Trámites e prazos.

Todos os trámites realizaranse nas oficinas municipais ou a través da sede electrónica do Concello de Barreiros ata ás 14:00 h. do último día do prazo correspondente.

Os prazos son os seguintes:

- Solicitude: Dende o día seguinte da publicación destas bases ata o 1 xuño.
- Publicación da lista provisional de admitidos/as en cada quenda: 9 de xuño.
- Reclamacións: 10 e 11 de xuño.
- Publicación da lista definitiva de admitidos/as: 12 de xuño.
- Pago de taxa, presentación do xustificante e Anexo II: 15 e 16 xuño.

Entenderase formalizada a incrición nas actividades +Concilia Verán tras a presentación do xustificante bancario de pago da taxa correspondente no Concello de Barreiros e o anexo II debidamente cuberto (nas oficinas municipais ou a través da sede electrónica do Concello de Barreiros ata ás 14:00 h. do último día do prazo correspondente).